



Curso "Emerxencias e trauma. Fórmulas de intervención"

DOCENTE

José Navarro Góngora (M-05223).

ORGANIZA

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Concepción López Martín (G-2981).

DURACIÓN

7 horas.

DATAS E HORARIO

Sábado, 27 de maio de 2023.
De 09:30 a 14:00 horas e de 15:30 a 18:00 horas.

MODALIDADE

Online. Plataforma de teleformación Moodle do COPG e Zoom.

PRAZAS

100.

PREZOS

Membros do GIPCE COPG e GIPCE-112.....	25,00€
Membros do GIPCE COPG e GIPCE-112 demandantes de emprego.....	15,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....	50,00€
Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grado de psicoloxía, máster ou doutoramento en psicoloxía.....	25,00€

Curso recoñecido pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia
Nº de expediente: SA301A 2023/10-1



Curso "Emerxencias e trauma. Fórmulas de intervención"

COMPETENCIAS

As competencias que se esperan desenvolver neste curso son as seguintes:

- De coñecemento:
 - A resposta a unha situación de crise: unha visión desde as neurociencias.
 - Evolución no tempo da resposta á crise e patoloxía asociada.
 - Tipos de intervención nunha situación de crise e trauma.
- De experiencia:
 - Avaliación dos aspectos máis importantes dunha crise.
 - Mentalización: o significado do trauma.

PROGRAMA

- 1. Da crise ao trauma:** Variables persoais, do estresor e de apoio social. Tipos de crises: de evento único e repetidas. Estrés post-traumático simple e complexo. A xanela de tolerancia.
- 2. A evolución dunha crise:** Impacto, procesamento e conclusións. O crecemento post-traumático. Caracterización do momento do impacto.
- 3. A intervención no momento do impacto.**
- 4. A intervención na fase de procesamento e de conclusión:** Fase de estabilización. A elaboración do trauma.
- 5. O tratamento da disociación.**
- 6. O coidado dos profesionais intervinientes:** antes, durante e despois da intervención en crise.

OBXECTIVOS

- Identificar as variables máis habituais que inflúen na resposta a unha situación de crise e que orixinan o trauma.
- Analizar a evolución dunha crise desde o inicio ata as fases máis avanzadas e identificar as estratexias de intervención.
- Recoñecer a importancia do coidado dos profesionais que interveñen en situacións de crise, identificando estratexias e medidas para garantir o seu benestar emocional, antes, durante e despois da intervención.

METODOLOXÍA

Os contidos estarán apoiados con xogo de roles, observación de casos en directo, prácticas de desenvolvemento persoal, traballo en equipo, lecturas individuais e charlas maxistras.



Curso "Emerxencias e trauma. Fórmulas de intervención"

DOCENTE

JOSÉ NAVARRO GÓNGORA (M-05223).

É profesor da Facultade de Psicoloxía de Salamanca e da Universidade de Jyväskylä (Finlandia). Director dos Másteres en Terapia Familiar e de Parella (Universidade de Salamanca) e de Intervención en Crise e Trauma UNIBE (República Dominicana). Traballou como consultor de programas de Psicoloxía da Saúde e de Intervención en Crise para a Unión Europea en Asia Central, e como consultor para programas de intervención en crises masivas en España e en América (Haití, México, República Dominicana, Chile e Ecuador). As súas áreas de interese clínico e de investigación teñen que ver cos aspectos psicosociais da crise e a cronicidade en enfermidades, situacións traumáticas e na violencia nas relacións íntimas. Escribiu máis de cincuenta artigos e capítulos de libros, así como quince libros sobre Terapia Familiar, enfermidade e familia, violencia nas relacións íntimas e sobre intervención en crise.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos integrantes do GIPCE do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula.

Último día de inscrición: 18 de maio de 2023.